



O teu Concello infórmate

Queridos veciños:

Os temporais, que agora foron bautizados co expresivo nome de "ciclogénesis explosiva", fan de este inverno o máis duro que se recorde en moito tempo.

As fortes choivas e os ventos huracanados, xunto coas continuas cortas e sacas de madeira dos nosos montes, provocan un destrozo moi importante nos camiños e pistas municipais.

Ademais, as continuas caídas de arribadas e árbores que atrancan as estradas, fan que os servizos de mantemento e protección civil do Concello estean en continuo estado de alerta.

Os danos son cuantiosos pois a caídas das árbores, moitas veces enriba do alumbeado público e das instalacións de subministro de electricidade e telefonía, déixannos incomunicados.

Contra a Natureza nada podemos facer e a madeira é unha riqueza que debemos coidar e explotar dun xeito sostible, pois sempre foi e será un recurso moi importante para a xente do medio rural.

Pero, o que si podemos é COLABORAR e ser solidarios todos para evitar, na medida do posible, que os danos causados sexan tan grandes e cuantiosos.

Moitas veces con pouco podemos facer moito, e aquí é onde pido a vosa **colaboración** para manter, na medida do posible, as tajeas, cunetas e canos limpos para así evitar un maior dano nos camiños e pistas.

Si aos maderistas que nos cortan os nosos montes, os mentalizamos e lles pedimos que limpen as estradas, poñan tacos debaixo dos gatos de apoio e, cando abran unha boqueira para entrar nas nosas propiedades, deixen a cuneta sen atascar, evitaremos que provoquen maiores desperfectos.

Non debemos tampouco esquecer que as árbores dos arredores e taludes das nosas propiedades, con estes temporais, caen con moita facilidade e, polo tanto, deben cortarse para que esto non suceda.

Por outra banda, as plantacións que están cerca das vivendas deben, segundo a lei autonómica en vigor, cortarse a unha distancia mínima de 30 m. das edificacións máis cercanas e non proceder á súa replantación.

Esto debe facerse por seguridade e así evitaríamos que en moitas ocasións nos denunciáramos entre nós, co que isto supón para unha boa convivencia.

Estas recomendacións recuperarían un pouco o que sempre se fixo no medio rural, pois todos recordades o que tivestes que traballar e loitar para ter as melloras que agora disfrutamos.

Estou seguro de que, coa vosa AXUDA e o traballo do equipo e persoal do Concello, conseguiremos un Paderne do que todos estaremos orgullosos.

Un saúdo do voso Alcalde



Xornada contra a violencia de xénero

O 25 de novembro, declarado Día Internacional da Loita Contra a Violencia de Xénero, o Concello de Paderne realizou novamente unha xornada contra esta lacra da nosa sociedade. O Alcalde, o seu Equipo de Goberno e un numeroso grupo de veciños, quixeron manifestar a súa repulsa por este tipo de actos e o apoio ás familias e persoas que a padecen.



O Alcalde xunto coas Concelleiras de Servizos Sociais e Muller na presentación do acto

Festa de Nadal para as escolas de Educación Infantil

Os pequeniños das Escolas de Educación Infantil de Paderne foron os primeiros en disfrutar da ilusión do Nadal coa chegada a Paderne de Papá Noel o pasado 18 de decembro. Unha sesión de conta-contos deu paso á visita de Papá Noel que se acercou a recoller as cartas dos máis pequeniños do Concello.

O Concelleiro de Facenda acompañou ós pequeniños ata o remate da xornada.



Concerto de Nadal e Fin de Ano

Tiveron lugar os días 19 e 26 de decembro respectivamente cunha gran afluencia de público completando novamente o aforo do Salón de Sesións da Casa do Concello; a través deles e cos bos momentos que proporciona a música, o Alcalde quere desexar unhas boas Festas ós veciños.

Concerto de Fin de Ano

Cabalgata de Reis

O pasado día 4 de xaneiro e dando comezo ós actos programados durante a visita das Súas Maxestades a Paderne, o Alcalde deu-lles a benvida na Casa do Concello antes de facer o percorrido por tódalas parroquias.

Ás 7 da tarde realizaron a entrada no polideportivo municipal onde eran esperados polo Alcalde e o seu Equipo de Goberno. Despois dunhas palabras de agradecemento pola visita, fíxose entrega dos premios ós nenos e nenas que participaron no concurso; logo tódolos presentes tiveron a oportunidade de saudar ós Reis rematando este gran día cun espectáculo de maxia.



Chegada das Súas Maxestades ó polideportivo municipal

Plan de Obras e Servizos 2014. POS – 2014

No Pleno de data 4 de decembro de 2013, aprobouse a inclusión no Plan de Obras e Servizos 2014 (POS 2014) da Deputación de A Coruña, dos seguintes proxectos de obras así como a dedicación a gastos correntes do exercizo 2014:

OBRA: MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NAS PARROQUIAS DE VIÑAS, VELOUZÁS, SOUTO, VILAMOUREL E VIGO por un importe total de 55.321,10 € que inclúen a mellora dos seguintes camiños:

Viñas: Núcleo urbano de Porto de Arriba

N-651 – Lambre

Núcleo urbano Porto de Arriba II (camiño Fonte)

Camiño da Picha

Velouzás: Moire – Tercio

Xestión de Residuos

Souto: Abrodos – Borreiros (Corredoira Vella)

Vilamourel: Núcleo urbano Medín (Sartaña)

Vigo: Monelos – Pena Redonda

FINANCIAMENTO DE GASTOS CORRENTES por un importe de 82.791,16 €

PLAN: DTC/ 93

O Concello, con este Plan da Deputación de axudas ós concellos para a realización de obras, achegas municipais a outros plans ou convenios, recibe un **TOTAL de 94.444,88 €** que vai a repartir entre as seguintes actuacións:

OBRA: Mellora da pavimentación nas parroquias de ADRAGONTE, VIGO e VILAMOUREL por un importe total de **60.005,68 €** incluíndo as seguintes vías:

- Cruce da ferretería de Areas – cruce da Costa de Lucas
- Aglomerado campo da festa de Vilamourel
- Camiño da Asfarrapa – Ourovello

OBRA: Reparación e mantemento do alumeado público por un importe total de **34.439,2 €**.

Plan de cooperación: Xunta – Deputación – Concello

O Concello de Paderne participa no Plan de Emprego 2013 de A Deputación de A Coruña coa contratación de **dúas persoas** co fin de realizar o proxecto de «**Limpeza e mantemento de áreas recreativas, parcelas municipais, parques infantís e lugares públicos de ocio**» por un importe de **4.356 €** e por un período de 4 meses.

Así e ata finais do mes de marzo, intentarán poñer a punto tódolos lugares de titularidade pública repartidos polas distintas parroquias.

Contratación plan de Obras e Servizos 2013 – POS 2013

O Concello ven de contratar as obras incluídas neste Plan por un importe de **55.754,16 €**. Ditas obras consisten na mellora da pavimentación das seguintes vías municipais:

Na parroquia de Obre:

- Cruce estrada da Deputación – San Pedro
- Cruce estrada da Deputación – Campeiro
- Estrada Deputación – Obre

Na parroquia de Souto:

- Camiño núcleo Chantada – Abrodos
- Núcleo Chantada
- Camiño Baltar (Chantada)
- Camiño da Agra (Chantada)
- Xestión de residuos

Na parroquia de Viñas:

- Camiño cruce de Abrodos – estrada N-VI
- Camiño Barreiro – Loureiro

Charla sobre a prevención da enfermidade renal

Tivo lugar o día 3 de decembro no Centro de Maiores. As moitas persoas que acudiron tiveron a posibilidade de que unha enfermeira de Alcer Coruña, Asociación encargada de impartir esta charla, lles controlase os niveis de tensión e azucre en sangue dada a súa importancia para a prevención e control da enfermidade renal.



O Alcalde, cos membros de Alcer nos momentos previos á charla



O Centro de Maiores encheuse de xente para escoitar as recomendacións dun axente da DXT

Charla sobre seguridade vial

Enmarcada dentro dunha «Campaña Autonómica de Peatóns» da Dirección Xeral de Tráfico (DXT), realizouse o día 17 de decembro esta xornada co fin de concienciar a tódalas persoas da importancia de gardar unhas medidas de seguridade básicas á hora de transitar polas vías públicas. O Alcalde busca proporcionar ás xentes de Paderne, información útil para desenvolverse en tódolos ámbitos.

Excursión a Portugal

O destino deste pasado 25 de xaneiro foron as localidades de Vilanova da Cerveira e Valença do Minho, moi preto de fronteira do país veciño. Pola mañá a feira de Vilanova foi o centro de interese dedicando a xornada fundamentalmente ás compras. Despois dunha agradable comida, a histórica fortaleza foi o destino que, aínda sendo coñecido, non deixa de resultar moi agradable tanto polos numerosos comercios como pola historia que as súas murallas alberga.



Parte do grupo na chegada ó país veciño

Aulas de conciliación

Nestas pasadas datas do Nadal, o Concello de Paderne volveu a poñer en marcha as Aulas de Conciliación como unha medida máis para facilitar que as familias, nas que os dous progenitores traballan, poidan dispor dun lugar no que deixar ós seus fillos durante os períodos de vacacións escolares.

Nesta ocasión un total de **9 nenos** foron os que participaron no Programa.

Campaña de esquí

Un total de 24 nenos nados nos anos 2000, 2001, 2002 e 2003 do Concello, despois de recibir a información que o Alcalde lles enviou ás súas casas, solicitaron participar no programa «Campaña de Esquí 2014» da Deputación de A Coruña a través do cal lle corresponderon a Paderne **3 prazas** que se adjudicaron mediante sorteo público. A través del, van a poder estar unha fin de semana na estación invernal de San Isidro, en León recibindo cursos de esquí.

Solicitudes á Deputación de A Coruña

O Concello, dende o departamento de **servizos sociais**, ven de solicitar as seguintes subvencións:

- 1.- Servizo especializado de podoloxía: **10.799 €**
- 2.- Servizo especializado de atención a menores fóra do horario escolar (Aulas de Conciliación): **8.000 €**
- 3.- Proxecto Coidarse (Balneoterapia): **3.000 €**

Estas solicitudes teñen como obxectivo seguir proporcionando ós veciños unhas atencións básicas de gran importancia para o seu benestar.

A través da Convocatoria de programas de Apoio á Cultura, ó Deporte e á Promoción Económica, veñen de solicitarse as seguintes axudas:

PROMOCIÓN ECONÓMICA:

- 1.- Feira do Branco Lexítimo: **31.900 €**
- 2.- Acondicionamento do alumeadado público para a mellora da eficiencia enerxética: **23.000 €**

DEPORTES:

- 1.- Programa deportivo municipal (natación, baile, pilates, aerobio, ioga): **19.700 €**
- 2.- Mellora do Pavillón Polideportivo: **9.476,99 €**
- 3.- Técnico deportivo: **7.500 €**

CULTURA:

- 1.- Programa cultural municipal (manualidades, cestería, pintura, informática e inglés) para infantil e adultos: **22.000 €**
- 2.- Mobiliarios para os centros sociais de Vigo e Areas: **9.850 €**
- 3.- Animador cultural: **7.500 €**

Acordo para o servizo urbano de recollida de aceite de cociña usado no concello de Paderne

Nun paso máis en pro da mellora do medio ambiente, o Alcalde ven de asinar un acordo para o servizo urbano **gratuito** de recollida de aceite de cociña usado, como outra das importantes medidas adoptadas co fin de evitar a contaminación e o conseguinte deterioro do noso entorno. Con este fin, colocouse un contedor debidamente sinalizado, preto da Casa do Concello; nel depositaranse os restos do aceite usado a diario para cociñar que, unha vez frío, se irá gardando en botellas plásticas para logo depositalas nestes contedores.

Algo tan sinxelo como ir gardando estes residuos e depositalos logo nos contedores para a súa reciclaxe, axuda moito a conservar, entre todos, a nosa riqueza natural. Os empresarios dedicados ó sector da hostalería recibiron unha carta do Alcalde con información para poder realizar esta reciclaxe da mellor maneira posible.

Excursión de «Paderne en familia»

O vindeiro **23 de febreiro** o programa «Paderne en Familia» realizará unha nova saída para visitar os xardíns do **Pazo de Oca**, chamado o «Versalles galego», o máis señorial e mellor conservado da nosa Comunidade. Pazo privado que pertence ós Duques de Medinaceli coas orixes no século XII. Teremos a posibilidade, ademais de admirar a grandiosidade dos seus xardíns, de disfrutar dunha visita guiada, ilustrada con escenificacións de persoaxes históricos relacionados co pazo. Na xornada de tarde iremos ata **Vedra**, a visitar a 20ª Xornada arredor da Camelia.

Para desprazarnos a esta localidade debemos comezar o percorrido ás **9 da mañá** polas distintas parroquias. Poden asistir persoas de tódalas idades empadroadas no Concello de Paderne con un importe por persoa de 25 €.

Os interesados teñen ata o día 15 de febreiro para realizar a súa inscrición chamando por teléfono ou anotándose nas propias oficinas municipais.

Entroido en Paderne

O Concello de Paderne invita a tódalas persoas a participar coas súas comparsas e disfraces na **Festa do Entroido**.

Será o mércores **5 de marzo ás 8:30 da tarde** no campo de O Telleiro, preto da Casa do Concello.

Ás nove da noite queimaremos o entroido e a súa morte será festexada comendo empanada, queixo, doce e bebendo viño e queimada de Paderne. Ó remate contaremos tamén cunha sesión de fogos artificiais.

Haberá premios para os tres mellores, tanto na modalidade de grupo como en individuais.

Como os nenos e nenas tamén soen participar desta festa, queremos recoñecerlles o seu esforzo co premio ó mellor disfraz nesta categoría.

En todo momento teremos música para divertirnos e bailar ata que nos cansemos.

Balneoterapia

O Concello de Paderne, ten previstas as seguintes saídas de balneoterapia ó balneario de Guitiriz para os vindeiro venres 21 de febreiro e 21 de marzo.

Poden beneficiarse deste servizo as persoas maiores de 65 anos e os pensionistas maiores de 60 que se atopen empadroados no Concello de Paderne. A saída da Casa do Concello será ás 9.30 e o regreso ás 13.30 h.

Os interesados teñen ata o martes anterior para solicitar a súa participación.

Día da Muller

O luns 10 de marzo, o Concello de Paderne realiza un acto para conmemorar o «**Día Internacional da Muller**».

Será ás 20:00 h no Salón de Sesións da Casa do Concello ó que está invitadas tódalas persoas de Paderne.

Aniversario do Centro de Maiores

Con motivo do cuarto aniversario do Centro de Maiores, o próximo día **12 de marzo** levarase a cabo unha xornada de convivencia entre os socios e socias.

Comezaremos o día recollendo ós socios que queiran participar, polas distintas parroquias. Durante a mañá realizarase unha visita cultural para logo ir a comer e pasar unha divertida tarde de música e baile.

O custo é de **25 euros**; as persoas interesadas en participar deben dirixirse ós socios colaboradores en cada parroquia, ó propio Centro de Maiores ou ben ós teléfonos do Concello antes do 7 de marzo.

Día da Árbore

O sábado 22 de marzo, celebramos o «**Día da Árbore**» na parroquia de Vilamourel. Ás 12:00 horas comezarán os actos programados na praza pública ó carón da igrexa. O Alcalde invita a tódalas persoas da parroquia a recuperar esta tradición que se realiza a comezos da primavera.

Ó remate compartiremos uns pinchos e un viño da terra.